


Donativo de Adela Carré

OS ESTUDANTES
A O ARCEBISPO



POESÍAS GALEGAS

DO EXCMO. E ILMO. SEÑOR

DON MANOEL LAGO GONZÁLEZ

affinity & bearing come in
Jenkinson's

*À NOSO SIÑOR O ARCEBISPO DE
SANT-IAGO DON MANOEL LAGO
GONZALEZ.*

SIÑOR:

A lus de miragre que nimba hoxe a cadeira dos Xelmires e dos Fonsecas fire o corazón, sensible de seu, da xuventude recadadora na sementeira da Universidade Galega, i-ela a o darse conta da trascendencia do voso advenemento á gardaduría da campa apostólica, quer tamén celebralo.

Os estudantes temos nos xardíns nosos, nas nosas hortas aínda en fror un recendo de esperanza, un velaiño gromo do futuro, un preludio da brís que presto avalará as nosas líricas roseiras, un ledo paxariño aprendís de reixiñol que axiña brincará nos loureiros e cantará hinios na albada dende a mais ergueita das ponlas, unha estrela noviña que, surrindo hoxe teimosa, mañán escintilará encol do noso esprito acugulado sempre de sentementos xenerosos, de outas aspiracions; mais en tanto cativos terían de ser os froitos que poidésemos ofrecer: nin outra froración que a das espranzas, nin outra cántiga que o maino marmurio dos ventos do Porvir. Por isto quixemos, Siñor, recolleitar do voso própeo xardin a abada de rosas sin nódoa que voltan ás mans mesmas da vosa Escelenzia, portadas n-un pregue do manteo estudantil, seguros de que, consagradas xa pol-a grórea, o pobo galego topará n-elas anacos da sua i-alma, amores que son os seus, fervores que sentiu sempre, falares solermeños que de cote escoitou e, unha ves mais, vos agraderá a

espresión de eles na lingua galega, arca santa da Raza, viril esgrevio das tradicións, cadeia que nos xungue a o Pasado, arco trunfal do Alén.

Cando sintades a vosa fronte unxida con bicos de saudade; o voso espírito engayolado na morriña das seráns do Anxelus lontano e doente que prega polos que foron; cando un bafo mistereoso vos traia alentos da terra e vos faga soñar que acougades antre os millos da verde Armamá é que Galicia vos acariña chantándovos no peito o cravo de ouro, de ferro ou de amor do benfacer, da fé, da caridade augusta do Pegureiro Divino. ¡Así será o seu pago!

Recibide pois ista ofrenda, xa que vosa propemente é, dos estudantes composteláns, que coidan que oxe os osos xa seculars de Frei Sebastián Malvar e Pinto, o arcebispo galego que vos precedeu, tremarán de gozo a o ser feridos, como nos somos, pola lus de miragre que irradia da cadeira dos Xelmires e dos Fonsecas.

Pregan vosa benzón

OS ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE LITERAREA DE SANTIAGO DE GALICIA

Abril de 1924.



ALBORA D A

Rompe o día feiticeiro
y-o ventiño brincadeiro
funga xa no piñeiral,
Os cantores
reiseñores
cantan ledos pol-o val.

As fontiñas e regueiros
murmurando mainos van,
non hai néboa nos outeiros
nin nas corgas nin no chan.
Xa o orballo centilea,
nas follíñas da herva mol:
¡Ou, rapaces de esta aldea!
vinde a ver nacel-o sol.

¡Ou, rapaces, vinde logo!
que xa nace como fogo,
que xa brila e alumea
con moi viva craridá...
¡Ou, rapaces de esta aldea!
vinde-o ver que naceu xa.

Cantemos, cantemos todos
cántigas da nosa terra;
o sol da verde Galicia
moita fartura alumea.

Xa da o sol na frondente ladeira
donde están os pomares en frol.
¡Ay! o sol da feliz primaveira.
¡qué prácido sol!

O sol da nosa aldea
bendito sea
que cobre os ceos de azul color,
y-henche corgas e vales e montes
e regueiros e regos e fontes
de ventura, de vida y-amor.

A VIRXEN DO ROSARIO

As doas do Rosario son todas frores
nadas antre as espiñas dos nosos dôres.
Deixainos, Virxen Santa, nae mágoas nosas
bicar esa diviña croa de rosas.

A I R E S D O M I N O
S A N C A M P I O

Lus da yalba cobre o ceo,
doura os campos, doura os montes.
e nos regos e nas fontes
lindas pelras verte arreo.
Hoxe hai festa ô pe do Miño,
hoxe hai troula y-alegría.
¡Ei, rapaces! hoxe e día
de San Campio queridiño.
Vamos ver o noso Santo,
vamos ver a nosa frol,
que da irexa n-un recanto
loce e brila coma un sol.
Xa se erguéu coma roxa fogueira
ese sol que a fartura nos trai;
e do Miño na verde ribeira
moita xente, piedosa e rideira,
pouco e pouco xuntándose vai.
¡Ai fillos do Miño!
vir todos acá,
a ver ô Santiño
que na cama está.
Vinde a ver o Santo
que nos trouxo Dios,
que el enxuga o pranto
poñéndonos bos.
¡Ai lus alcendida!
¡Estrela do Norte!
que lles das a vida
ós que están á morte.
É longo o camiño,
mais vamos alá,
a ver ô Santiño
que na cama está.
Pai dos labradores,
vímosche a rezar,

y-a pedir favores
onde o teu altar.

Benia o día do Santo grorioso
que n-a irexa branquisima está,
onde a veira do rio escumoso
entre os millos da verde Armamá.
¡Ei, rapaces! que a xente tolea
porque ós malos tornóunolos bos.
Benia o Santo que é groria da aldea,
benia o Santo amiguiño de Dios.
Vivan, vivan paisanos e cregos
que ó Santíño viñeron a honrar...
viva a fe dos cristianos galegos
que é mais quente ca o lume do lar.

O DERRADEIRO CELTA

Chega onde a cerca do castro,
Mira pra o fondo do val,
Finca na parede o codo,
Deita a cabeza na mao.
E namentras que co a outra
Arrincando musgue está,
Pensatibre, triste e morno,
Así se pon a falar:
— Alá van os nosos eidos,
A miña casa alá vay;
Xa me mataron os fillos,
Matáronme a' muller xa;
Morreron os nosos homes
Que souperon peleyar,
Morreron-nos os druidas
Servidores de Teutás,
E mataron-nos as vírxes
Que andaban ô pé do altar
Co a fouce de ouro no cinto
Y-a vara verde na mao.
Xa queimaron a devesa
Consagrada â soledá...
¡Ay! ¡cando funguen os ventos
Nas ponlas do castañal
Xa non ruxirán as armas
Que ali tiñan nosos pais...!
Donde fixemos fogueiras
Os carrascos nacerán
E no dólmin en que íbamos
De noite a sacrificar
Criaránse herbas e toxos
Y-os mouchos aniñarán...
Cobrirán silvas y-adreiras
As pedras do noso lar
E sobre as mámoas dos mortos
Xente estrana pasará...
Cando se move o penedo

Que está na veira do mar
Xa non irá xente nosa
Con ofrendas a Teutás....
¡Ay! ¡De todo o que nós temos
Nin migallas quedarán...! -
 Así dixo o vello, e sétase
Cravando os ollos no chao;
E ô pé do castro que as brétemas
Da noite cubrindo van,
Tamén de loito cuberto
Maxinando tanto mal,
Soliño entre as negras ruinas
Soltase, o probe, a chorar!

O NENO XESÚS

Neno de cabelos de ouro
meu amor e meu tesouro,
rico ben,
tanto como a ti che quero
non lle quixen nin espero
quererlle nunca a ninguén.

Esas manadas de feno
en que estás deitado, Neno,
frias son;
deixa que onde a Ti me achegue
e te deite y-atafegue
no meu probe corazón.

Pra que durmas ben contente
n-él terás un leito quente,
Neno Rey;
e de amor unha fogueira,
no meu peito, à mesma veira
do teu berce che farei.

Ven e durme, queridiño,
ven a casa de un mendiño
descansar.
Esa cova está moi fría,
fora de ela venta e xía...
ven a porte ô pé do lar.

Hei facerche logo un trono;
mais agora durme un sono,
caravel,
e despois cando te ergueres
heiche dar, si m-os quixerdes,
leite e mais favos de mel.

¡Hou, meu rey, meu amiguiño,
que na veira de un camiño
berce tes;
ven acá, ven ô meu peito

232 e descansa n-este leito
que tan doce e quente ves!

Aquí, Neno, meu amigo
vivirei solo contigo
pra en xamáis;
e non quero mais ventura,
nin riqueza, nin fartura.....
¡Tí solío e nada más!!

LAVS D EO

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F 12659

Biblioteca